

## LOURENZÁ

### *Anuncio*

Aprobado por Resolución de la Alcaldía de fecha 15-04-15 el Padrón de la Tasa de Recogida de Residuos Sólidos Urbanos del primer trimestre de 2015, se exponen al público en la Secretaría del Ayuntamiento por plazo de quince días a efectos de examen y reclamaciones, quedando elevada a definitiva dicha aprobación en el caso de que no se presentaran reclamaciones.

Se establece como período de cobro en voluntaria del 2 al 20 de mayo de 2015

Lourenzá, 15 de abril de 2015.- LA ALCALDESA, Emma Álvarez Chao

R. 1598

### *Anuncio*

Exposición pública do Padrón das Taxas polo Servizos de Subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de vertedura e saneamento.

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliaria de auga potable e saneamento, o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de verteduras e saneamento, correspondente ao 1º trimestre de 2015, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Ponte de Cuñas 11 (Recinto Feiral) en horario de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o **22 de Abril de 2.015**, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Lourenzá, a 15 de Abril de 2.015.- A SRA. ALCALDESA, EMMA ALVAREZ CHAO

R. 1599

## LUGO

### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 25 de marzo de 2015, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento abierto para a **CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE INFORMACIÓN E DINAMIZACIÓN DOS CENTROS DE DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL SITOS NA ZONA RURAL, ESPAZOS PROPIEDADE DO CONCELLO DE LUGO E DIRIXIDOS ÁS VECIÑAS E VECIÑOS DAS ZONAS RURAIS DO CONCELLO DE LUGO**.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

#### 1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

#### 2.- Obxecto do contrato.

**a) Descripción do obxecto:** É obxecto deste contrato a prestación dun servizo de información e dinamización dos centros de dinamización sociocultural propiedade do Concello de Lugo e sitos nas antigas escolas rurais ( San Xoán do Campo, Calde, Coeses, Santiago de Saa , Santa María de Bóveda, Santa Comba e Rubiás).

**3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

**a) Tramitación:** ordinaria

**b) Procedimiento:** aberto

**4.- Tipo de licitación**

**a) Orzamento máximo do Contrato:** O valor estimado do contrato é de:

	<b>total coste</b>	<b>IVE (10%)</b>	<b>total coste anual contrato</b>
<b>lote 1 San Xoan do Campo</b>	16.850,04	1.685,00	18.535,04
<b>lote 2 Calde</b>	16.850,04	1.685,00	18.535,04
<b>lote 3 Coeses</b>	16.850,04	1.685,00	18.535,04
<b>lote 4 Santiago de Saa</b>	16.850,04	1.685,00	18.535,04
<b>lote 5 Santa María de Boveda</b>	5.198,52	519,85	5.718,37
<b>lote 6 Santa Comba</b>	9.347,44	934,74	10.282,18
<b>lote 7 Rubiás</b>	7.051,12	705,11	7.756,23
<b>IMPORTE TOTAL 7 LOTES</b>	<b>88.997,24</b>	<b>8.899,72</b>	<b>97.896,96</b>

**6. Condiciones especiales de ejecución:**

**Obtención de documentación e información.**

**a) Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

**b) Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

**c) Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

**d) Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.

**e) Telefax:** (982) 29-72-59.

**f) Dirección internet:** www.lugo.gal (perfil do contratante)

**g) Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

**7.- Requisitos específicos do contratista.**

**a) Outros requisitos:** Os sinalados no prego de condicións

**8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

**a) Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de **quince días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

**b) Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

**c) Lugar de presentación:**

**1ª Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de condicións.

**2ª Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

**3ª Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

**9.- Apertura das ofertas.**

**a) Entidade:** Concello de Lugo

**b) Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

**c) Localidade:** Lugo

**d) Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

**10.- Outras informacóns:** As que se recollen no prego de condicións.

**11.- Gastos dos anuncios:** 144,04 euros que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 9 de abril de 2015.- O ALCALDE, P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA ( Decreto nº 13008312), Sonia Mendez Garcia

R. 1600

### *Anuncio*

#### **Expediente de infracción urbanística número 154/08 incoado a dona María Ángeles Aguado Rois.**

Ante a imposibilidade de notificar á interesada no último domicilio coñecido na rúa Fiuncho, nº 2, de conformidade co previsto no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, **faise pública a notificación da resolución do procedemento sancionador número 154/08**, incoado pola realización de obras sen licenza municipal na rúa do Fiuncho, nº 2.

Posto que, a xuízo do órgano que subscribe, nestes expedientes existen datos que poden lesionar dereitos ou intereses lexítimos dos interesados, esta publicación límitase a unha breve indicación do acto, emprazando ós interesados no Servizo de Urbanismo, Negociado de Disciplina Urbanística, para que poidan coñecer o contido íntegro do acto notificado no prazo de OITO DÍAS; de conformidade co establecido no artigo 61 da Lei 30/1992. Significando que os prazos que se indican nos parágrafos seguintes, comezarán a contar dende o remate do prazo de oito días ou dende a data da comparecencia se efectúe nas dependencias do Servizo de Urbanismo.

- Contra esta resolución ó interesado pode interpoñer:

- Recurso de reposición, con carácter potestativo, ante o mesmo órgano que ditou o acordo no prazo de UN MES (Disposición transitoria segunda, en relación cos artigos 107, 116 e 117 da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común). O recurso interposto entenderase desestimado por silencio administrativo, se non houbese resolución expresa no prazo de UN MES, e quedará aberta a porta do recurso contencioso-administrativo, que deberá formularse dentro do prazo de DOUS MESES dende a data da desestimación da resolución presunta (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa). No caso de interposición deste recurso, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que o de reposición sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta
- Recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, segundo redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial), no prazo de DOUS MESES, a contar dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación (art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).
- Calquera outro recurso que estime conveniente ó seu derecho.

Significando que, o ingreso da multa poderá realizarse mediante pago en entidades colaboradoras (NOVA GALICIA BANCO, BBVA e LA CAIXA); e que os prazos para efetuar o ingreso da multa son os seguintes:

a) Ata o día 20 (ou o inmediato hábil posterior, se aquel é festivo) do mes posterior ó da recepción da presente notificación, se esta foi recibida entre os días 1 e 15 do mes.

b) Ata o día 5 (ou o inmediato hábil posterior, se aquel é festivo) do segundo mes posterior ó da recepción da presente notificación, se esta foi recibida entre os días 16 e derradeiro do mes.

O importe da multa reducirase nun 30% se é aboada no prazo de quince días e o interesado mostra por escrito a súa conformidade con ela e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación.

Lugo, 13 de abril de 2015.- O ALCALDE, P.D.: O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA AREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE, (DECRETO NÚMERO 13008312 DO 30/08/2013), Luis Manuel Alvarez Martínez.

R. 1601

### *Anuncio*

#### **Expediente de infracción urbanística número 41/14 incoado a PROINLUGO, SL.**

Ante a imposibilidade de notificar a PROINLUGO, SL no último domicilio coñecido na ronda das Mercedes, nº 11 - 2º, de conformidade co previsto no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, **faise pública a notificación da incoación do procedemento sancionador número 41/14**, incoado ó interesado en calidade de propietario do inmoble no que se realizou a instalación, pola instalación de dous aparellos de aire acondicionado no entresollado do edificio número 82 da Avda. da Coruña.

Na providencia de incoación concédeselle un prazo de **quince días** para aportar cantas alegacións, documentos ou informacíons estimen convenientes e, no seu caso, propoñer proba concretando os medios de que pretendan valerse. Mesmo poden recoñecer voluntariamente a súa responsabilidade, cos efectos previstos no artigo 8 do Regulamento do Procedemento Sancionador.

Posto que, neste expediente existen datos que poden lesionar dereitos ou intereses lexítimos dos interesados, esta publicación limitase a unha breve indicación do acto, emprazándoos no Servizo de Urbanismo, Negociado de Disciplina Urbanística, para que poidan coñecer o contido integro do acto notificado no prazo de OITO DÍAS; de conformidade co establecido no artigo 61 da Lei 30/1992. Significando que os prazos que se indican nos parágrafos seguintes, comezarán a contar dende o remate do prazo de oito días ou dende a data da comparecencia que se efectúe nas dependencias do Servizo de Urbanismo.

Significando que esta resolución non pon fin á vía administrativa, e por tratarse dun acto de mero trámite, contra ela non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime procedente.

Lugo, 13 de abril de 2015.- O ALCALDE, P.D.: O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA AREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE, (DECRETO NÚMERO 13008312 DO 30/08/2013)

R. 1602

### Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 25 de marzo de 2015, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para **CONTRATACIÓN PARA AS SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE LOTES DUN EQUIPO DE BACHEO PARA REPARACIÓN DO FIRME (CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E CAIXA BASCULANTE)- LOTE 1- UN VEHÍCULO RADIO PATRULLA (5+ 2 PRAZAS) PARA A POLICÍA LOCAL- LOTE 2- E UN VEHÍCULO RADIO PATRULLA (5 PRAZAS) PARA A POLICÍA LOCAL- LOTE 3 - MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCIERO (OPERACIÓN DE LEASING)**. Por medio deste anuncio dáse a coñeza la licitación conforme ás seguintes características:

#### 1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

#### 2.- Obxecto do contrato.

##### a)Descripción do obxecto:

O obxecto do presente contrato é a subministración mediante lotes dun equipo de bacheo (camión con cisterna de emulsión asfáltica e caixa basculante), dun vehículo radio patrulla (5 + 2 prazas) para a policía local e un vehículo radio-patrulla (5 prazas) para a policía local, todos eles mediante alugamento financeiro (operación de leasing)

**b) Prazo de execución:** A duración do contrato será de catro anos improrrogables (correspondendo o mes núm 48 ó pagamento do valor residual no caso de exercitarse a opción de compra).

Para o lote 1: EQUIPO DE BACHEO (CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E CAIXA BASCULANTE), de 150 días naturais como máximo contados dende a data de formalización do contrato administrativo sen prexuízo da reducción do prazo ofertado polo licitador que resulte adxudicatario.

Para o lote 2: VEHÍCULO RADIO PATRULLA CON DESTINO Ó SERVIZO DE POLICÍA LOCAL (MONOVOLUMEN 5+2 PRAZAS), de 90 días naturais como máximo contados dende a data de formalización do contrato administrativo sen prexuízo da reducción do prazo ofertado polo licitador que resulte adxudicatario.

Para o lote 3.- VEHÍCULO RADIO PATRULLA CON DESTINO Ó SERVIZO DE POLICÍA LOCAL (MONOVOLUMEN DE 5 PRAZAS), de

90 días naturais como máximo contados dende a data de formalización do contrato administrativo sen prexuízo da reducción do prazo ofertado polo licitador que resulte adxudicatario.

#### 3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedimiento:** aberto.

#### 4.- Tipo de licitación.

O valor estimado do contrato para a totalidade TRES lotes (que inclúe para cada lote 47 cotas e unha última de valor residual) é de 192.687,72 euros (importe sen IVE), incluíndo os gastos financeiros.

Ver cláusula terceira do prego de cláusulas administrativas particulares para o desglose por lotes e condicións de leasing. Non obstante o prezo do contrato será o ofertado polos licitadores nas súas ofertas.